

04Calidade e novas tecnoloxías

A consolidación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) nos centros e títulos da UDC centrou as actuacións da Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías. Nun contexto economicamente complicado, un dos nosos obxectivos prioritarios foi achegar algúns recursos necesarios para completar este proceso con éxito.

O deseño e posta en marcha dunha política de calidade de forma xeral para toda a UDC resulta imprescindible e obrigado para garantir o éxito interno e externo do proceso. As actividades que desenvolveron a Vicerreitoría e os servizos dependentes dela, movéronse nesta liña de traballo, seguindo os eixes xa comezados en anos anteriores e previstos no noso plan estratéxico.

Para consolidar o proceso cómpre que participen nestas actuacións de todos os colectivos da comunidade universitaria: profesorado, PAS e estudantes. A implicación do profesorado reflíctese no importante incremento da participación nas actividades de formación e innovación.

A integración no EEES precisa de recursos e infraestruturas adaptados ás novas metodoloxías e ás novas necesidades da docencia. De xeito complementario a outras actuacións de adaptación e co obxectivo de apoiar o uso das novas tecnoloxías na docencia, no

ano 2010 cada centro recibiu unha aula informática dinámica e encerados dixitais, ferramentas que favorecen a participación activa do estudante nas aulas e o seu novo rol na docencia no que respecta aos créditos ECTS.

A innovación e a mellora da calidade que implica a converxencia europea fai necesaria tamén unha constante revisión das estruturas da Universidade e das súas actuacións, razón pola que, como en anos anteriores, mantívose o nivel acadado na avaliación dos servizos, titulacións e profesorado.

Pola súa banda, a Unidade Técnica de Calidade seguiu a levar a cabo o programa FIDES-AUDIT dirixido a apoiar a implantación dos novos títulos de grao e mestrado e a garantir a verificación, o seguimento e a posterior acreditación das novas titulacións. Durante o ano 2010 todos os centros obtiveron xa un sistema de garantía interna de calidade certificado e implantado. Seguimos sendo unha das universidades españolas con máis certificacións.

Púxose en marcha a segunda convocatoria do programa Docencia para avaliar e garantir a calidade da docencia. Nesta segunda convocatoria participaron 123 profesores. Un total de 101 obtiveron resultado moi favorable e os 22 restantes, favorable.

Canto a actividade do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), cómpre salientar a ampla participación nos obradoiros Campus Virtual Moodle e a continuidade do plan de formación para profesorado de ensino secundario.

A Unidade de Atención á Diversidade realizou un importante esforzo para cubrir as necesidades dos colectivos con algún tipo de discapacidade. Programáronse con éxito as I Xornadas sobre discapacidade na UDC, co compromiso de continuar este labor de sensibilización en anos vindeiros.

Por outro lado, débense salientar as innovacións que, de forma paralela a todos estes procesos, introduciu o Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) nas súas infraestruturas e proxectos para responder aos estándares de calidades promovidos polo Consello de Dirección.

Entre outras cousas, consolidouse a posta en marcha do novo xestor de identidade corporativa, que simpli-

fica o acceso do persoal aos servizos informáticos, así como a implantación dunha nova versión –máis rápida e con mais funcionalidade– do Campus Virtual Moodle. Actualizouse a plataforma de correo electrónico Zimbra cunha nova versión con novas utilidades e máis seguridade.

En colaboración coa Vicerreitoría de Cultura e Comunicación executouse o cambio a unha nova web corporativa desenvolvida coa plataforma de software libre OpenCms, o que permitirá publicar contidos desde os servizos da UDC, sen necesidade de coñecementos técnicos (html, javascript, ftp, etc.). As visitas á web corporativa incrementáronse nun 31,76%.

Por último, cómpre salientar a continuidade do proxecto de constitución da Oficina de Software Libre da UDC en colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

Grupos departamentais de calidade

A participación nos grupos departamentais de calidade incrementouse de xeito espectacular ao longo de 2010, como mostra evidente do interese do profesorado por empregar os recursos da UDC para adaptarse ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Desde os 348 docentes que se apuntaron á convocatoria de 2004 pasouse agora a un total de 902 profesores, integrados en 251 grupos.

	Número de profesores	Número de grupos
2004	348	106
2005	483	160
2006	493	169
2007	472	140
2008	383	103
2009	519	178
2010	902	251

Cadro 60 Evolución dos grupos departamentais de calidade

Responsables de calidade e coordinadores de mestrado

A Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías publicou dúas convocatorias que outros anos se integraban nas convocatorias de contratos-programa:


- Na convocatoria de Profesor responsable de calidade e converxencia (PRCC) participaron todos os centros para nomear un docente que coordina as accións directamente vinculadas coa implantación do Sistema de garantía interna de calidade nos centros.
- Na convocatoria de Profesor coordinador de mestrado participaron os mestrados implantados no curso 2010-2011 na UDC.

Soporte á docencia

Unha das actividades principais no ámbito do soporte á docencia é a activación das guías docentes de todas as ensinanzas. Na actualidade están activadas as guías docentes do conxunto das materias dos graos que se están implantando no presente curso académico. Activáronse tamén todas as materias dos mestrados exclusivos da UDC, así como as guías das materias dos mestrados interuniversitarios impartidas por profesorado dos nosos campus. Así mesmo, activáronse todas as titulacións de 1.º e 2.º ciclo do curso 2010-2011.

Neste mesmo ámbito, déuselle apoio ao profesorado para elaborar as guías, con obradoiros presenciais, axudas metodolóxicas e atención personalizada. Organizáronse dous obradoiros, en que participaron 42 profesores/as.

Outras actividades de soporte á docencia centráronse no apoio metodolóxico para implantar o campus virtual e no asesoramento para o deseño das propostas de grao e posgrao.



Cadro 61 Evolución do número de cursos de grao implantados

No ano académico 2010-2011 comeza a implantación de 12 novos títulos de grao, co que se pasou de 28 do ano anterior a 40 na actualidade. Este dato supón un incremento dun 30% de títulos de grao implantados no curso actual.

Encontrámonos no segundo curso de implantación e xa se completou a de todos os primeiros e a do 70% dos segundos cursos. No cómputo global de todos os cursos chégase a un grao de implantación do 53% actual fronte ao 38% do ano académico anterior.

Titulacións		Cursos	N.º CI		% CI		N.º M (CI)		N.º G (CI)		% TG	
2009	2010		09	10	09	10	09	10	09	10	09	10
28	40	1º	28	40	100	100	276	385	236	362	86	94
		2º	6	28	21	70	61	290	61	260	100	90
		3º	1	6	36	15	16	59	11	58	69	98
		4º	7	11	25	28	83	106	47	85	57	80
		Total	42	85	38	53	436	840	355	765	81	91

N.º CI: Número de cursos implantados

% CI: Porcentaxe de cursos implantados

N.º M (CI): Número de materias de cursos implantados

N.º G (CI): Número de guías elaboradas dos cursos implantados

% TG: Porcentaxe total de guías elaboradas

Cadro 62 Guías elaboradas dos títulos de grao en proceso de implantación

Titulacións		Cursos	N.º CI		% CI		N.º M (CI)		N.º G (CI)		% TG	
2009	2010		09	10	09	10	09	10	09	10	09	10
37	45	1º	37	45	100	100	762	1113	370	619	49	56
		2º	9	7	100	100	239	206	81	65	34	32
		Total	46	52	100	100	1001	1319	451	684	45	52

N.º CI: Número de cursos implantados

% CI: Porcentaxe de cursos implantados

N.º M (CI): Número de materias de cursos implantados

N.º G (CI): Número de guías elaboradas dos cursos implantados


% TG: Porcentaxe total de guías elaboradas

Cadro 63 Guías elaboradas dos títulos de mestrado implantados

Formación e innovación educativa

Unha vez desaparecido o Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP), unha das principais actividades do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) foi a organización dos cursos de Plan de formación para ensino en secundaria.

Ofertáronse 10 cursos de 12 horas, con 40 prazas dispoñibles, agás os que se imparten nas aulas informáticas, con capacidade para 25 persoas. En total, 355 prazas para 118 horas.



Cadro 64 Matrícula no Plan de formación para ensino en secundaria

A Unidade de Formación e Asesoramento imparte cursos para profesorado uiversitario (Plan de apoio ao en-

sino) e cursos específicos para novos profesores (Plan de formación inicial).

Programas	Cursos	Horas	Prazas
Metodoloxía Didáctica	9	84	225
Tecnoloxía Educativa	4	52	80
Ensino Semipresencial	5	60	100
Saúde e Prevención de Riscos Laborais	3	36	75
Contexto Socioinstitucional e Traballo na UDC	7	74	175
Total	28	306	655

Cadro 65 **Cursos de apoio ao ensino no curso 2009-2010**

Centro	%
ETS de Arquitectura	10.66%
ETS de Enx. de Camiños	4%
ETS de Náutica e Máquinas	2.4%
EU de Arquitectura Técnica	2.93%
EU de Enfermaría (AC)	0.26%
EU de Enfermaría e Podoloxía	4%
EU de Fisioterapia	2.93%
EU de Relacións Laborais	0.53%
Fac. de Ciencias do Traballo	1.86%
EU de Turismo	0.26%
EU Politécnica	6.13%
Esc. Politécnica Superior	8.26%
Fac. de CC da Comunicación	0.8%
Fac. de CC da Educación	6.13%
Fac. de CC da Saúde	3.73%
Fac. de Economía e Empresa	4.53%
Fac. de Ciencias	18.66%
Fac. de Dereito	3.73%
Fac. de Filoloxía	4.53%
Fac. de Humanidades	1.33%
Fac. de Informática	8.8%
Fac. de Socioloxía	1.6%
Fac. de CC do Deporte	1.33%

Cadro 66 **Centros de procedencia dos participantes nos cursos de apoio ao ensino**

Categoría	%
Asociado/a	4.78%
Axundante doutor/a	3.45%
Axudante	6.12%
Catedrático/a esc. universitaria	3.45%
Catedrático/a de universidade	2.65%
Colaborador/a	12.76%
Contratado/a doutor/a	13.30%
Contratado/a laboral interino/a	8.51%
Contratado/a por obra e servizo	2.93%
Isidro Parga Pondal	3.99%
Juan de la Cierva	1.06%
María Barbeito	1.86%
Titular de escola universitaria	9.31%
Titular de universidade	25.80%

Cadro 67 **Categoría profesional dos participantes nos cursos de apoio ao ensino**

O Plan de formación inicial diríxese ao profesorado da UDC con menos de catro anos de experiencia docente na súa categoría profesional.


Programas	Cursos	Horas	Prazas
Metodoloxía Didáctica	9	84	45
Tecnoloxía Educativa	4	52	20
Ensino Semipresencial	5	60'	25
Saúde e Prevención de Riscos Laborais	3	36	15
Contexto Socioinstitucional e Traballo na UDC	7	74	35
Total	28	306	140

Cadro 68 **Oferta do Plan de formación inicial no curso 2009-2010**

Un total de 1.285 estudantes preinscribíronse nos 15 cursos diferentes ofertados dentro do Plan de apoio á aprendizaxe (600 prazas).

Centro	Nº	%
ETS de Arquitectura	22	8.4
EU de Arquitectura Técnica	4	1.5
ETS de Enx. de Camiños	7	2.7
ETS de Náutica e Máquinas	4	1.5
EU Relacións Laborais	11	4.2
EU Enfermaría e Podoloxía	17	6.5
Fac. de CC da Comunicación	2	0.8
EU de Estudos Empresariais	16	6.1
EU de Deseño Industrial	1	0.4
EU de Turismo	3	1.1
EU Fisioterapia	2	0.8
EU Politécnica	1	0.4
Esc. Politécnica Superior	2	0.8
Fac. de CC da Educación	41	15.7
Fac. de CC da Saúde	1	0.4
Fac. de Economía e Empresa	34	13
Fac. de Ciencias	22	8.4
Fac. de Dereito	2	0.8
Fac. de Filoloxía	22	8.4
Fac. de Humanidades	2	0.8
Fac. de Informática	27	10.3
Fac. de Socioloxía	5	1.9
Fac. de CC do Deporte	13	5
Total	261	100

Cadro 69 Participación nos cursos de apoio á aprendizaxe por centros



Cadro 70 **Participación nos cursos de apoio á aprendizaxe por sexos**

Así mesmo, o CUFIE organizou cinco obradoiros para o Plan de formación do programa Docentia. Participaron neles 189 docentes. Por outra banda, organizouse un obradoiro de cinco horas para o manexo da plataforma de ensino a distancia Moodle.

Por último, coordinadores de todos os centros acompañados de cinco titores participaron nunhas xornadas de avaliación e análise do Plan de acción tutorial (PAT), co obxectivo de revisar e mellorar este programa, así como coñecer as posibilidades que ofrece o uso das TIC nas titorías.

Tamén se analizaron as necesidades de formación dos coordinadores e se valoraron as posibilidades e funcións da titoría grupal e da titoría individual. Foi de

gran utilidade a revisión das experiencias da posta en práctica do PAT na Universidade da Coruña para detectar e identificar as debilidades e as fortalezas.

Neste curso aumentaron os centros implicados no PAT, así como o número de titores e graos e mestrados. Ao longo do curso fixéronse dúas reunións conxuntas cos coordinadores dos distintos centros ou titulacións. Nelas marcáronse algunhas liñas de actuación para o curso académico 2009-2010.

A función principal do PAT consiste en mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe e ofrecérlle ao estudiantado un apoio de referencia que o oriente na súa andaina académica durante a súa estadía na Universidade.

Atención á diversidade

A Unidade de Atención á Diversidade presta atención a persoas que forman parte de calquera dos grupos (estudantado, profesorado, PAS) que compoñen a comunidade universitaria. Actualmente case todas as accións desenvolvidas se refiren a problemas por discapacidade física ou psíquica, mais cómpre indicar que o servizo atende tamén problemas de discriminación polo xénero, pola orientación sexual, pola identidade étnica, polo aspecto físico, pola orixe socioeconómica ou pola idade.

Estase prestando apoio, de xeito directo, a once usuarios con diferentes problemáticas (visual, motórica, de accesibilidade, auditivas etc.). Neste apoio destaca o labor de coordinación de asistentes persoais e transporte adaptado.

Canto aos datos xerais de discapacidade dentro da universidade, no curso 2009-2010 pediron exención de matrícula 128 persoas, repartidas por igual entre homes e mulleres.

Aula de Formación Informática

Cursos	Prazas ofertadas	Prazas ocupadas	% ocupación
42	820	673	77,86%

Cadro 71 Cursos e prazas para formación informática

Grupo	%
Alumnado de 1.º ciclo	43,3%
Alumnado de 2.º ciclo	37,9%
Alumnado de 3.º ciclo	2,4%
Mestrado	1,4%
PAS	10,9%
Profesor(a)/Investigador(a)	2,4%
Outros	1,7%

Cadro 72 Participación nos cursos de formación informática

Avaliación docente

Practicamente toda a actividade que se fai arredor da avaliación docente reflíctese no seu portal www.udc.es/avaliemos. Neste sentido, nos últimos anos, ademais de publicar os resultados xerais e de participación das ava-


liacións do primeiro e segundo cuadrimestre e de actualizar os accesos aos resultados persoais (que son confidenciais) cos últimos datos dispoñibles, melloráronse os servizos do portal e incluíronse novos apartados.

	Participantes	%
2003-2004	557	44,40
2004-2005	552	38,30
2005-2006	549	40,10
2006-2007	572	41,15
2007-2008	637	44,6
2008-2009	657	41,4
2009-2010	778	53,17


Cadro 73 Participación do profesorado na avaliación docente

	Participantes	%
2003-2004	2.669	11,60
2004-2005	4.291	17,90
2005-2006	4.070	17,72
2006-2007	3.888	17,72
2007-2008	3.860	18,20
2008-2009	3.954	19,40
2009-2010	3.897	19,28


Cadro 74 Participación do alumnado na avaliación docente




Cadro 75 Participación do profesorado de 1.º e 2.º ciclo e grao na avaliación docente por centros



Cadro 76 Participación do alumnado de 1.º e 2.º ciclo e grao na avaliación docente por centros



Cadro 77 Participación do profesorado de mestrado na avaliación docente por titulacións



Cadro 78 Participación do alumnado de mestrado na avaliación docente por titulacións

Unidade Técnica de Calidade

En febreiro a ACSUG publicou a convocatoria para participar no proxecto piloto de seguimento de graos e mestrados universitarios. A UDC presenta a solicitude para participar con 4 títulos: Grao en Terapia Ocupacional, Grao en Socioloxía, Mestrado en Innovación, Orientación e Avaliación Educativa e Mestrado en Dirección Integrada de Proxectos. En outubro tres destes títulos presentaron o seu informe anual de seguimento do título.

Así mesmo, elaborouse e púxose en marcha unha plataforma informática a través da cal todos os centros da UDC xestionarán os seus sistemas de garantía interna

de calidade e realizarán o seguimento dos seus títulos oficiais.

Tamén en febreiro se publicou a segunda convocatoria para a avaliación da actividade docente do profesorado (Programa Docencia), aberta só para profesores que reciben axudas na 5.ª convocatoria de contratos-programa para o deseño estratéxico e a innovación.

Un total de 231 profesores/as solicitaron participar nesta convocatoria (arredor dun 16% do total de PDI da UDC).

Solicitudes	Admitidos	Avaliados	Moi favorables	Favorables
231	137	123	101	22

Cadro 79 Participación na segunda convocatoria do Programa Docencia

Noutra orde de cousas, realizáronse auditorías internas de certificación pola norma UNE-EN-ISO 9001:2008 de catro servizos: Apoio á Investigación, Centro de Innovación Tecnolóxica, Centro da Investigación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil e Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns.

A entidade externa SGS ICS Ibérica realizou a auditoría de certificación pola norma UNE 166002:2006 (sistemas de xestión de I+D+i) do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (CI-TIC), con resultado positivo.

Realízase a auditoría interna dun ensaio da Unidade de Técnicas Cromatográficas que pertence os Servizos de

Apoio á Investigación que está acreditado pola norma UNE-EN-ISO 17025:2005.

Os seguintes servizos elaboraron en 2010 a súa Carta de Servizos: Área de Deportes, Sección de Extensión Universitaria, Servizo de Biblioteca Universitaria, Oficina de Cursos e Congresos, Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social, Servizo de Parque Móbil e Correos, Servizo de Prevención de Riscos Laborais, Sección de Protocolo, Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego aos Universitarios.

Na caixa de suxestións recolléronse un total de 696 preguntas, suxestións, queixas ou felicitacións.

Informática e comunicacións

O asentamento das ferramentas do Centro de Atención a Usuarios (CAU) e o xestor de identidade única (FEDERICO), así como a implantación e mellora de diversos sistemas e infraestructuras informáticas permitiron unha mellora significativa no servizo prestado á comunidade universitaria. Algunhas das actuacións máis salientables foron as seguintes:

- Posta en marcha da nova ferramenta de voto electrónico (<http://evoto.udc.es>). Tamén se levaron a cabo modificacións da actual ferramenta de xestión de eleccións para adaptala as novas normas de paridade que se aplicaron xa nas pasadas eleccións a representantes de centro, departamentos e claustro.
- Posta en produción da nova web corporativa da universidade (<http://www.udc.es>). Esta nova web foi desenvolvida empregando a plataforma de software libre OpenCms e vai permitir a publicación de contidos de forma distribuída desde os servizos da UDC sen necesidade de coñecementos técnicos (html, javascript, ftp, etc.). As visitas á web corporativa incrementáronse un 31,76% .
- Levouse a cabo unha migración completa da ferramenta de teleformación Moodle (<https://campus-virtual.udc.es>), que acadou unha mellora significativa nas súas funcionalidades e rendemento. Isto

permitiu un incremento do número de materias ofertadas nun 13,78%, no número de PDI que utiliza esta ferramenta nun 53,66% e no número de estudantes nun 55,81%.

- A ferramenta de xestión académica Xescampus configurouse para dar servizo a un total de 41 graos e 52 mestrados. Tamén se engadiron novas funcionalidades como adaptacións de certificados, actas, módulo de recoñecementos e adscripción de diversas áreas a materias de grao.
- O 86.6% da matrícula do curso 2010-2011 levouse a cabo a través de internet.
- No relativo a desenvolvementos e adaptacións de aplicacións podemos citar a nova aplicación de preinscripción de cursos propios de posgrao, mellora da aplicación de xestión de residencias universitarias e bonobús.

No tocante á mellora de infraestructuras, cómpre salientar:

- Inicio das probas de funcionamento dun sistema de redundancia de cabinas de discos. Este sistema proporcionará unha maior seguridade dos datos ante calquera eventualidade e posibilitará a duplicidade futura do CPD da UDC.

- Creación dunha nova plataforma de aloxamento de servidores virtuais ao servizo da comunidade universitaria.
 - Despregamento de 23 novas aulas móbiles (20 netbooks por centro) e actualización de 160 postos de traballo. Actualmente o SIC xestiona 9.313 postos (incremento do 5,59%), con 77 postos de consulta bibliográfica, 565 postos de aulasNET e 1074 postos en aulas de docencia.
 - Instalación de electrónica de rede para a ampliación tanto da capacidade da rede como do número de portos de acceso de usuario en distintos centros. Na actualidade contamos con 23.412 tomas de datos, con 10.654 activos e 3.991 tomas telefónicas con 3.340 extensións activas.
 - Instalación de cableado estruturada no edificio da ampliación do CITIC así como numerosas ampliacións (4,01%) en diversos centros. Incremento do número de puntos de acceso de rede inarámica para a mellora de cobertura wifi. A conexión de este servizo con FEDERICO e o desenvolvemento da aplicación para a configuración automática nos equipos Windows das redes Eduroam e UDCPortal utilizando as credenciais de FEDERICO, permitiu acadar un incremento do 47.05% no número de usuarios habilitados e un 129,51% no número de usuarios que habitualmente utilizan o servizo (15.439).
 - Instalación dun punto de presenza de RedIris Nova no campus de Elviña.
 - Creación de intranets para distintos grupos de investigación. Na actualidade a UDC xestiona un total de 255 redes de área local (incremento do 4,51%).
- Fíxose un importante esforzo para mellorar a dispoñibilidade de servizos por parte da comunidade universitaria:
- Desenvolvemento da aplicación para interacción co Servicio de Identidad de RedIris e integración co CAS da UDC.
 - Actualización da plataforma de correo electrónico Zimbra a unha nova versión con novas funcionalidades. O número de contas de correo xestionadas polo SIC incrementouse significativamente nun 10,50 % no caso do colectivo PAS (1.116 contas), nun 26,83% no caso do PDI (3.649), e nun 5,64% no colectivo estudantes e egresados (85.412). Neste ano aumentouse a capacidade ofertada á comunidade universitaria. Os alumnos aumentaron a capacidade nun 700% e as contas institucionais de vicerreitoría e similares aumentaron un 60% de media.
 - Implantación do novo servizo de listas de distribución sobre a plataforma open-source Sympa e

integración co CAS da Universidade. A entrada en explotación dunha ferramenta de xestión de envíos por SMS permitiu a remisión de 17.089 SMS de notificación de cualificacións, 2.832 de notificación de bolsas e 16.788 envíos a colectivos da UDC.

- Implantación dun novo sistema de copia-restauración de contas de correo que permite unha maior e máis eficiente xestión tanto do proceso de salvagarda de datos como de restauracións baixo demanda.
- No relativo á xestión de usuarios de Active Directory (entorno Microsoft) levouse a cabo a integración dos usuarios e os dispositivos do Servizo de Axuda á Investigación (SAI) no Directorio Activo da UDC para a xestión de identidade, xestión de datos, backup, servizo de Ftp e adaptación aos requisitos fixados pola LOPD. Integración dos usuarios e os dispositivos do Servizo de Biblioteca no Directorio Activo da UDC para a xestión de identidade, xestión de datos e backup e a implantación dun novo sistema de arquivos distribuídos DFS coa posta en marcha dun novo servidor de ficheiros no Directorio Activo.

Canto á xestión de incidencias, o Centro de Atención a Usuarios rexistrou 8.549, o que supón un incremento de máis do 40%. Un 63% destas incidencias resólvense na propia chamada ao centro.

Por último, a Oficina de Sólware Libre (<http://softwarelibre.udc.es>) asentouse durante 2010 como un elemento de apoio e asesoramento continuado en todo o referente ao sólware libre para a comunidade universitaria. Foron moitas as actividades que se levaron a cabo para a promoción do software libre entre as que podemos destacar o mantemento do servidor de réplicas (<http://ftp.udc.es/>), do directorio de aplicacións libres e multiplataforma (<http://softwarelibre.udc.es/AppSwL>), e do directorio de licenzas software (<http://softwarelibre.udc.es/SoftwareLicenses>).

Tamén se fixo na Administración da facultade de Informática un estudo piloto de migración de postos base da administración da UDC. Colaborouse na elaboración de proxectos fin de carreira libres, na tradución ao galego de aplicacións informativas libres e organizáronse distintos cursos de formación.

Indicador	2009	2010	Incremento
Materias ofertadas no campus virtual	4005	4557	13,78%
PDI que utiliza o Campus Virtual	956	1469	53,66%
Estudantes que utilizan o Campus Virtual	13393	20868	55,81%
Tarxetas universitarias emitidas ou renovadas	6531	7789	19,26%
Visitas á web institucional	3476682	4581037	31,76%
Webs aloxadas no servidor corporativo	211	218	3,32%
Grupos de investigación con web aloxada	18	18	0,00%
Departamentos con web aloxada	38	38	0,00%
PAS e PDI que utilizan a Wiki corporativa	130	170	30,77%
Áreas de negocio definidas no Dataware House corporativo	4	4	0,00%
Extensións telefónicas fixas activas	3206	3340	4,18%
Solicitud de alta de toma de voz	84	134	59,52%
Tomas de datos dispoñibles	22510	23412	4,01%
Portos de rede dispoñibles	12356	12628	2,20%
Portos de rede activos	10340	10654	3,04%
Porcentaxe de despregamento da rede WIFI (%)	94	94	0,00%
Usuarios habilitados na rede Wifi	17042	25060	47,05%
Usuarios con actividade na rede Wifi	6727	15439	129,51%
Actuacións especiais de rede: audioconferencia, videoconferencia	83	71	-14,46%
Servidores administrados polo SIC	134	138	2,99%
Servidores SIC virtualizados	81	112	38,27%
Servidores UDC externos ao SIC virtualizados	0	9	100,00%
Espazo global de almacenamento dispoñible (Tb)	35	105	200,00%
Capacidade do sistema de backup (Tb)	50	120	140,00%
Renovación de equipos informáticos	60	160	166,67%
Postos de traballo xestionados polo SIC	8820	9313	5,59%
Postos de consulta bibliográfica	77	77	0,00%
Postos dispoñibles en AulasNET	565	565	0,00%
Postos dispoñibles en aulas de docencia	540	1074	98,89%
AulasNET xestionadas polo SIC	22	22	0,00%
Aulas de docencia xestionadas polo SIC	21	23	9,52%
Número de contas de correo electrónico PAS	1010	1116	10,50%
Número de contas de correo electrónico PDI	2877	3649	26,83%
Número de contas de email alumnos	80853	85412	5,64%
Número de listas de distribución de correo	112	120	7,14%
Envío de SMS para notificación de notas	0	17089	100,00%
Envío de SMS para resolución de bolsas	0	2832	100,00%
Envío de SMS para notificación a colectivos	0	16788	100,00%

Cadro 80 Variacións nos servizos prestados polo Servizo de Informática e Comunicacions